




CEMU CENTRO DE MÚSICA MODERNA DE PONTEAREAS

CEDA CENTRO DE DANZA DE PONTEAREAS

CENTROS HOMOLOGADOS E AUTORIZADOS POLA:



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

· calle gavián, 2 baixo · calle redondela 13, baixo
PONTEAREAS - Telf: 618 186 137

cdm@cdmgalicia.com · www.cdmgalicia.com

***PROGRAMACIÓN DE HISTORIA DA MÚSICA
(Grao profesional)***

Índice

1.	Introdución	3
1.1	Marco Legal	3
1.2	Características do centro	4
1.3	Características do alumnado.....	5
2.	Obxectivos xerais das ensinanzas musicais	7
2.1	Grao Profesional.....	?
3.	Obxectivos específicos das ensinanzas musicais	8
4.	Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Historia da música	9
4.1	Grao profesional da materia de Historia da música	9
4.1.1	Obxectivos	9
4.1.2	Contidos.....	9
4.1.3	Criterios de avaliación.....	10
5.	Metodoloxía	12
5.1	Principios metodolóxicos	12
5.2	Métodos didácticos	13
6.	Atención á diversidade.....	14
7.	Temas transversais	15
7.1	Educación en valores.....	15
7.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	16
8.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	17
8.1	Actos institucionais	17
8.2	Cursos e clases maxistrais	17
8.3	Audicións.....	18
8.4	Outros.....	18
9.	Secuenciación por cursos	19
9.1	Curso: 4º de grao profesional.....	19
9.1.1	Obxectivos	19
9.1.2	Contidos.....	20
9.1.3	Avaliación.....	21
9.1.4	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	23
9.1.5	Medidas de recuperación	23
9.1.6	Recursos didácticos	25
9.2	Curso: 5º de grao profesional.....	27
9.2.1	Obxectivos.....	27
9.2.2	Contidos	27

9.2.3	Avaliación	28
9.2.4	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	30

9.2.5	Medidas de recuperación.....	31
9.2.6	Recursos didácticos	32
10.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	33
11.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.	34
12.	ANEXOS	
	35	
12.1	Probas de acceso a outros cursos	35

1. Introducción

A presente Programación Didáctica de Historia da música está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación correspondentes ao grao profesional, dado que esta materia se imparte nos cursos 4º e 5º de dito grao profesional, e foi realizada polo profesorado do Departamento de composición de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantindo que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1 Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento

Orgánico dos consellos elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conseNatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

ORDE do 28 de xullo de 2008, pala que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pala que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

1.2 Características do centro

O Centro de Música Moderna C.D.M de Ponteareas crease no ano 1997, na rúa Redondela nº 13 de Ponteareas (Pontevedra). Na actualidade , o centro esta ubicado na rúa Gavilan nº2 con unhas instalacións que cumpren coa normativa requirida pola Xunta de Galicia para poder ser un centro autorizado.

O longo destes anos, en C.D.M moitos alumnos e alumnas prepararon satisfactoriamente as probas de acceso o ámbito superior.

C.D.M ten un rico calendario de actuacións para complementar a formación do alumnado, tanto no propio centro, como en concertos e festivais o aire libre.

O centro conta cunha capacidade para albergar uns 180 alumnos.

1.3 Características do alumnado

oO | . O . t'-.

Os alumnos proceden de toda Galicia, e as principais motivacións para estudar neste centro son:

-A qualidade da enseñanza.

- A preparación das probas as ensinanzas superiores.

-O disfrute de poder tocar un instrumento disfrutando nas distintas agrupacións que propón o centro.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o nivel en que se atopan. Moitos deles queren adicarse a interpretación e a docencia.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo.

Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente nos últimos anos, debido a gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obligatoria. É de destacar que as preferencias do alumnado no seu tempo de lecer sigan relacionadas coa música, debido a importancia que dan a asistencia a concertos ou a escoita da mesma na casa.

2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1 Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galega en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Historia da música

4.1 Grao profesional da materia de Historia da música

Os elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación figuran no Anexo 11 do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Tales elementos son:

4.1.1 Obxectivos

O ensino da historia da música no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época, con intención de obter unha visión máis global do fenómeno musical.
- e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

4.1.2 Contidos

- a) A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e á súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- b) A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- c) A música moderna e o jazz: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, intérpretes etc.
- d) Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- e) A evolución da notación.

- f) Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnico-interpretativas e da propia composición do repertorio.
- g) Aproximación crítica á periodización da historia da música.
- h) Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.
- i) Comentario de texto literario musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.
- j) Análise iconográfica.
- k) Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.
- l) Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demais.
- m) Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.

4.1.3 Criterios de avaliación

- a) Identificar, a través da audición, obras de diversas épocas e describir as súas características máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- b) Identificar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, os trazos esenciais dos períodos históricos estilísticos. Mediante este criterio avalíanse os coñecementos do alumnado no relativo á distinción dos estilos e as súas peculiaridades.
- c) Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos representativos de diversos períodos históricos con situacións musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- d) Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada, empregando un léxico axeitado. Este criterio trata de avaliar a capacidade do alumnado á hora de valorar un feito musical concreto desde unha perspectiva persoal.
- e) Situar cronoloxicamente e compara obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escalas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise. Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica e sitúa cronoloxicamente os períodos da historia da música, así como se distingue as súas características.
- f) Relacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e do pensamento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores ou obras, no particular, dentro do contexto social e cultural en que se produciron.

- g) Identificar as circunstancias de todo tipo - políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.- que piodan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da música occidental. Este criterio avalía a capacidade á hora de analizar a complexidade de circunstancias e intereses que, pola súa importancia, determinan o desenvolvemento musical.
- h) Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e para relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- i) Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de propor e realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que abrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante a autenticidade, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas, e non a relevancia e a oportunidade da temática.

5. Metodoloxía

Pola propia natureza da materia da Historia da música, as técnicas de ensinanza terán un importante compoñente expositivo e/ou informativo, o que non exclúe que nalgún momento se poidan empregar técnicas de autoaprendizaxe guiada, nas que o profesor orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos. Dada a carga de traballo da maioría dos alumnos, que ademais de cursar a especialidade instrumental no conservatorio cursan normalmente outros estudos, obrigatorios ou non, o traballo na materia cinguirase preferentemente ao horario lectivo da mesma.

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

5.1 **nci pios metodolóxicos**

Os principios que rexen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O acercamento á historia da música implica unha actitude activa, especialmente na escoita de audicións e no acercamento ás fontes (imaxes, textos, partituras, ...), polo que é importante interpelar con frecuencia ao alumnado como método de estimular súa capacidade perceptiva e analítica de ditos materiais.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado, ensinándolle a traballar de forma independente e a formar opinións por si mesmo.
- **Creatividade:** Tratarase de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que dicimos.
- **Individualización:** Na clase terase en conta a dimensión persoal e social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentaranse en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que desenvolve a capacidade analítica e crítica do feito musical.
- **Interdisciplinaria:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotales dunha maior significación

5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

Modelo construtivista: Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.

Aprendizaxe significativa: Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co construtivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construindo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que isto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo.

6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Historia da música teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que presenten diversas estratexias para o logro dos coñecementos.

- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos alumnos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.

- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.

- Respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.

- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.

- Propoñer actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.

- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.

- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde donoso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses alumnos e alumnas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo próximo ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

7. Temas transversais

A Historia da música tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

7.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

A **educación ambiental** tratarémola, dado o carácter histórico da materia, a través das diferentes contextos que se suceden ao longo do tempo, en canto a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical,

En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da óptica de apreciación e valoración do corpo humano e as súas posibilidades de movemento no contexto musical. Ademais, tamén se contemplará como a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, pode incidir no equilibrio persoal e anímico das persoas.

No referente á **educación para a igualdade de sexos**, farase referencia ao longo do desenvolvemento histórico da materia, do papel asignado aos sexos no contexto musical, comparando as diversas situacións históricas coa actualidade, partindo de que hoxe a música non debería estar relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.

A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir dos diferentes contextos históricos traballados na materia, valorando a diversidade e o respecto polas diferentes manifestacións culturais, incluíndo as relacións que se poidan establecer coas culturas da contorna.

A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.

En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.

Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia, nos diversos contextos musicais e na propia convivencia da aula.

7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Na materia da Historia da música o emprego das TIC's estará condicionada principalmente á dispoñibilidade de tales recursos no centro, pois, como se sinalou cando se falou da metodoloxía (apartado 5), o traballo cinguirase preferentemente ao horario lectivo da materia. Por suposto, os alumnos poderán empregar os recursos dos que dispoñan no seu domicilio, ou poderán traer á aula equipos informáticos da súa propiedade (portátil, tablet), pero, dado que a aprendizaxe non pode depender de recursos materiais individuais, o que se buscará ante todo é dar preferencia aos recursos propios do conservatorio. Estes consistirán fundamentalmente na conexión inalámbrica a Internet no centro, e os equipos informáticos dispoñibles na biblioteca. O uso que se poderá facer deles, dentro do posible conforme á súa dispoñibilidade, número de alumnos, desenvolvemento do currículo da materia, etc., será fundamentalmente como ferramenta de busca de materiais: imaxes, audicións, textos, partituras, etc.

8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Dentro da Sección 11 do Proxecto Educativo de Centro do noso conservatorio, referente ás normas de organización e funcionamento, e concretamente no título cuarto do capítulo 4, establécese que estas actividades se poderán clasificar en actos institucionais, cursos e clases maxistras, audicións e outros.

O alumnado de Historia da música terá o dereito de asistir, aínda que non a abrira, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende o Departamento de Composición.

A organización de todas as actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio correspóndenlle, como norma xeral, ao Equipo de Actividades Culturais e á Vicedirección como coordinadora do dita equipo. Para todas estas actividades establecerase un plan de actuación que pode ser consultado no artigo 36º do título cuarto da sección do Proxecto Educativo do Centro anteriormente citado.

8.1 Actos institucionais

No curso académico 2003/2004 decidiuse iniciar a institucionalización dunha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do centro. A participación do Departamento de Composición será a de colaborar, na medida do posible, e na medida que se lle solicite dita colaboración, cos departamentos de especialidade instrumental, xa que son neles nos que recae a tarefa organizativa de ditos actos, que serían os seguintes:

Concerto de apertura do Curso Académico: Terá lugar ao inicio do curso.

Concertos Benéficos: en colaboración con entidades benéficas, coa posibilidade de recadación de donativos. Así mesmo, intentarase celebrar fóra do centro, nalgún lugar que garanta a maior difusión posible.

Ciclos de concertos, como por exemplo o Ciclo de Primavera onde cada ano se convida a solistas e agrupacións tanto externas como con participación dalgún membro do claustro.

Acto de graduación: Alumnado que remata os estudos do 4º curso do grao elemental e o 6º curso do grao profesional.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nasa tarefa profesional.

8.2 Cursos e clases maxistras

Os cursos e clases maxistras que se desexen organizar, unha vez aprobados

no seo do departamento correspondente trasladaranse ao Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que o Departamento de Composición teña algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e será incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar.

No caso de haber orzamento para as actividades, será o Consello Escolar quen estableza os criterios de distribución do mesmo.

8.3 Audicións

Atendendo ao que se contempla no currículo de Grao Profesional, cada departamento de especialidades instrumentais organizarán audicións de alumnos que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso. Ditas audicións serán públicas e se realizarán en tres períodos ao longo do curso, coordinadas pola Vicedirección.

O Departamento de Composición aterase ás indicacións do órgano coordinador, a Vicedirección.

8.4 Outros

O centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, como son os "Premios Honoríficos David Russell", ou os concertos pedagóxicos para colexios, entre outros, nos que o Departamento de Composición poderá colaborar cando sexa requirido.

9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica por cursos de Historia da música, que se imparte exclusivamente no grao profesional.

9.1 u 4º de grao profesional

9.1.1 Obxectivos

Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.

Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas tratadas neste curso: antigüidade, idade media, renacemento e inicios e desenvolvemento do barroco, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.

Coñecer e comprender a música de cada época tratada neste curso, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.

Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical de cada época, súas características, funcións e transformacións nos diversos contextos históricos.

Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas, nas épocas tratadas neste curso, entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época tratada, con intención de obter unha visión máis global do fenómeno musical.

Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo ao ámbito musical.

Establecer contacto con recursos bibliográficos, documentos e fontes de todo tipo propias de cada época ou estilo

Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio artístico e cultural.

9.1.2 Contidos

A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e á súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).

A música na cultura occidental: prehistoria e antigüidade.

A música na idade media. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Evolución da notación. Organoloxía.

A monodia sacra. O canto gregoriano.

A monodia profana.

A polifonía, sacra e profana. Primeiros repertorio polifónicos (Códice Calistino). Repertorio de Notre Dame. Ars Antiqua. Ars nova. Ars Subtilior. Principais xéneros musicais. A música instrumental.

A música medieval na península ibérica e Galicia.

A música no renacemento. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Evolución da notación. Organoloxía.

Nacemento e desenvolvemento da música renacentista. Características.

Principais xéneros renacentistas: chanson, misa, motete, madrigal.

A música instrumental.

A música do renacemento na península ibérica e Galicia.

A música do barroco temperán e medio. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Evolución da notación. Organoloxía.

Nacemento e desenvolvemento da música barroca: barroco temperán e medio. Características. O baixo continuo.

Principais xéneros da música vocal, profana e sacra.

Principais xéneros da música instrumental.

O Clasicismo

O Romanticismo

A Música na primeira metade do S XX

Análise e recoñecemento de estruturas modais dos períodos tratados. Apreciación do ritmo libre en oposición ao ritmo métrico. Recoñecemento e comprensión da notación cadrada gregoriana.

Análise e recoñecemento de características de obras polifónicas dos períodos tratados (xénero, número de voces, textura, harmonía, etc...).

Análise e recoñecemento de xéneros e estruturas formais dos períodos tratados, tanto da música vocal como instrumental.

Manexo e xestión de bibliografía básica e/ou outras fontes de información; para tal fin coordinaranse as actividades necesarias coa biblioteca do centro, aproveitando os recursos dispoñibles.

Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise: comentario de texto literario musical, audicións analíticas con ou sen partitura asociada, análise iconográfica, etc.

Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.

Valoración da importancia do son como expresión do ser humano.

Valoración do aspecto expresivo das obras musicais en relación coa súa finalidade.

Concienciación do significado da música na sociedade.

9.1.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

9.1.3.1 Criterios de avaliación

Coa avaliación preténdese coñecer o grao no que se alcanzaron os obxectivos propostos. Para iso, establécense unha serie de criterios de avaliación:

Identificar e explicar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, as características dos períodos histórico-estilísticos correspondentes ao curso.

Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos con situacións musicais, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso.

Realizar un comentario histórico-estilístico a partir da audición dunha obra determinada, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado.

Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características, representativas dos principais estilos ou escalas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.

Relacionar a Historia da Música coa historia doutros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Realizar exercicios e/ou traballos relativos á materia.

9.1.3.2 Mínimos esixibles

Recoñecer e analizar, empregando un léxico axeitado, as características musicais principais de cada época ou estilo: trazos rítmicos, melódicos e harmónicos, textura musical, xéneros principais, formas musicais, dispositivos vocais e/ou instrumentais.

Analizar, empregando un léxico axeitado, as principais características dun canto gregoriano en notación cadrada.

Recoñecer e comentar, empregando un léxico axeitado, as características dos principais xéneros da música medieval: monodia profana, motete, misa, chanson.

Recoñecer e comentar, empregando un léxico axeitado, as características dos principais xéneros da música renacentista: chanson, motete, misa, madrigal, villancico.

Recoñecer e comentar, empregando un léxico axeitado, as características dos principais xéneros da música do barroco temperán e medio: baixo continuo, aria da capo, tono e villancico, concerto, sonata.

9.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Observación da actitude de alumno na clase, e se realiza os exercicios propostos.

Realización de exercicios ou probas, de xeito oral ou escrito, de análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras, ou doutros contidos ou aspectos traballados na aula. Farase como mínimo unha proba escrita en cada trimestre, antes de cada avaliación trimestral. Esta proba poderá incluír todos ou algúns dos seguintes tipos de cuestións: preguntas teóricas sobre contidos conceptuais, análise estilístico de partitura, análise de audición, comentario de imaxes, comentario de textos. Os contidos da materia, no seu desenvolvemento, decidirán que tipo de cuestións, de entre as citadas, conformarán a proba trimestral.

9.1.3.4 Criterios de cualificación

A cualificación ten como obxectivo representar fielmente o grao en que un alumno ou alumna acacia os obxectivos propostos. A cualificación non debe empregarse nin como incentivo nin como castigo.

A cualificación será numérica en números enteiros sen decimais do 1 ao 10. Neste baremo o 1 representaría a cualificación do

alumnado que non acacia ningún dos obxectivos propostos e o 10 a do alumnado que acacia a totalidade dos obxectivos nun grao de excelencia. A cualificación de 5 sería a asignada ao alumnado que cumpre cos mínimos esixibles.

A cualificación será o resultado da valoración global dos procedementos e ferramentas de avaliación estipuladas anteriormente, coa seguinte ponderación: a proba escrita trimestral (ou o conxunto delas se houbera máis de unha por trimestre) contará o 80% da nota do trimestre. No restante 20 % teranse en conta os exercicios ou cuestións de carácter parcial que teñan como obxectivo o contacto coa materia e seu dominio progresivo, sexan cuestións orais ou exercicios escritos realizados na aula, así como a asistencia, a puntualidade e a actitude.

Na cualificación final de xuño farase unha ponderación das tres cualificacións obtidas en cada un dos tres trimestres.

Os alumnos que se incorporen a un curso superando o procedemento de ampliación, dado que normalmente se incorporan no segundo semestre, deberán recuperar a materia correspondente ao primeiro semestre do curso no que se incorporan.

9.1.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Superación da proba específica de ampliación de Historia da música correspondente á materia de 4º curso no caso de solicitar a ampliación a 5º curso.

Proba de ampliación a 5º curso de Grao Profesional

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas dos períodos histórico-estilísticos comprendidos no 4º curso. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 4º curso. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 4º curso.

9.1.5 Medidas de recuperación

Será necesario empregar medidas de recuperación cando non se acaden os obxectivos.

Os alumnos que non superen positivamente algún dos procesos de avaliación trimestral, poderán recuperar o correspondente aos trimestres non superados

ao final de curso.

Proba de recuperación ordinaria

O alumnado que non acade os mínimos esixibles poderá realizar unha proba de recuperación por trimestre, ou ben unha proba global no final de curso. Consistirán en:

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas dos períodos histórico-estilísticos comprendidos no 5º curso. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas. Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 5º curso. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 5º curso.

ao final de curso.

9.1.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Proba de recuperación ordinaria

O alumnado que non acade os mínimos esixibles poderá realizar unha proba de recuperación por trimestre, ou ben unha proba global no final de curso. Consistirán en:

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas dos períodos histórico-estilísticos comprendidos no 4º curso. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas. Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 4º curso. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 5º curso.

ao final de curso.

9.1.5.2 Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen positivamente o curso na convocatoria ordinaria, poderán presentarse á proba extraordinaria, que consistirá en:

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas dos períodos histórico-estilísticos comprendidos no 4º curso. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 4º curso. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 4º curso.

9.1.6 Recursos didácticos

Bibliografía básica

- J. PETER BURKHOLDER, DONALD J. GROUT, CLAUDE V. PALISCA: *Historia de la música occidental*. Alianza Música.
- RICHARD H. HOPPIN: *La música medieval*. Akal.
- RICHARD H. HOPPIN: *Antología de la música medieval*. Akal.
- ALLAN W. ATLAS: *La música del renacimiento*. Akal.
- ALLAN W. ATLAS: *Antología de la música del renacimiento*. Akal.
- JOHN WALTER HILL: *La música barroca*. Akal.
- MARICARMEN GÓMEZ: *Historia de la música en España e Hispanoamérica. 1.De los orígenes hasta c. 1470*. Fondo de Cultura Económica.
- MARICARMEN GÓMEZ: *La música medieval en España*. Kassel, Reichenberger, DeMusica 6.
- ISMAEL FERNÁNDEZ DE LA CUESTA: *Historia de la música española. 1.De los orígenes hasta el "ars nova"*. Alianza música.
- SAMUEL RUBIO: *Historia de la música española. 2.Desde el "ars nova" hasta 1600*. Alianza música.
- JOSÉ LÓPEZ-CALO: *Historia de la música española. 3.Siglo XVII*. Alianza música.
- MARÍA PILAR ALÉN: *Historia da música galega. Cantos, cantigas e cánticos*. Edicións A Nosa Terra.
- MARÍA PILAR ALÉN: *Breve historia da música galega*. Edicións A Nosa Terra.
- RAMÓN ANDRÉS: *Diccionario de instrumentos musicales*. Península.
- GÓMEZ, MARICARMEN (ED): Historia de la música en España e Hispanoamérica.Vol.2: De los Reyes Católicos a Felipe 11. Fondo de Cultura Económica
- LÓPEZ COBAS, LORENA: Historia da música en Galicia. Ouvirmos.

9.2 curso: 5º de grao profesional

9.2.1 Obxectivos

Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.

Valorar o jazz como expresión xenuina e característica do ser humano tanto a nivel individual como no seu comportamento social. Recoñecer e contextualizar histórica e estéticamente cada estilo do jazz en función das súas características, fundamentalmente a través da audición e análise.

Cóñecer os elementos básicos da linguaxe musical de cada época, súas características, funcións e transformacións nos diversos contextos históricos.

Comprender a importancia dos diferentes estilos do jazz, establecendo unha relación teórica co propio repertorio do alumno mediante o achegamento ás técnicas interpretativas destes periodos.

Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

Comprender e valorar o interese artístico e social da música dos estilos e períodos tratados.

Establecer contacto con recursos bibliográficos, documentos e fontes de todo tipo propias de cada época ou estilo

9.2.2 Contidos

O orixe do jazz: características do estilo, xéneros musicais que configuran o nacemento do jazz e principais figuras.

O Ragtime: características do estilo e principais figuras.

O Blues: características do estilo, tipos de blues e principais figuras.

O Jazz Clásico e New Orleans, Chicago e o Dixieland: desenvolvemento do estilo, primeiros músicos de jazz, a gran migración a Chicago e Nova York, Louis Armstrong.

A era do Swing: características estéticas do swing, principais músicos, arreglistas e compositores, as grandes big bands de swing.

O Bebop: as orixes dun novo estilo, características histórico-estéticas do son, do fraseo e da improvisación, grandes figuras.

A década dos 50: o Cool Jazz , os estilos Third Stream e West Coast o Hardbop e o jazz modal.

O jazz fusión: características estilísticas e principais figuras.

Os anos 80 e 90: o Neoclasicismo, o Bebop moderno, e o Postmodernismo.

O Jazz en Europa: tendencias e principais figuras.

9.2.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

9.2.3.1 Criterios de avaliación

Coa avaliación preténdese coñecer o grao no que se alcanzaron os obxectivos propostos. Para iso, establécense unha serie de criterios de avaliación:

Identificar e explicar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, as características dos períodos histórico-estilísticos correspondentes ao curso.

Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos con situacións musicais, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso.

Realizar un comentario histórico-estilístico a partir da audición dunha obra determinada, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado.

Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características, representativas dos principais estilos ou escalas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.

Relacionar a Historia da Música coa historia doutros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Realizar exercicios e/ou traballos relativos á materia.

9.2.3.2 Mínimos esixibles

Recoñecer e analizar, empregando un léxico axeitado, as características musicais principais de cada época ou estilo: trazos rítmicos, melódicos e harmónicos, textura musical, xéneros principais, formas musicais, dispositivos vocais e/ou instrumentais.

Recoñecer e analizar, empregando un léxico axeitado, os principais recursos e xéneros da música dos diferentes períodos da historia do jazz.

9.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Observación da actitude de alumno na clase, e se realiza os exercicios propostos.

Realización de exercicios ou probas, de xeito oral ou escrito, de análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras, ou doutros contidos ou aspectos traballados na aula. Farase como mínimo unha proba escrita en cada trimestre, antes de cada avaliación trimestral. Esta proba poderá incluír todos ou algúns dos seguintes tipos de cuestións: preguntas teóricas sobre contidos conceptuais, análise estilístico de partitura, análise de audición, comentario de imaxes, comentario de textos. Os contidos da materia, no seu desenvolvemento, decidirán que tipo de cuestións, de entre as citadas, conformarán a proba trimestral.

9.2.3.4 Criterios cualificación

A cualificación ten como obxectivo representar fielmente o grao en que un alumno ou alumna acacia os obxectivos propostos. A cualificación non debe empregarse nin como incentivo nin como castigo.

A cualificación será numérica en números enteiros sen decimais do 1 ao 10. Neste baremo o 1 representaría a cualificación do alumnado que non acacia ningún dos obxectivos propostos e o 10 a do alumnado que acacia a totalidade dos obxectivos nun grao de excelencia. A cualificación de 5 sería a asignada ao alumnado que cumpre cos mínimos esixibles.

A cualificación será o resultado da valoración global dos procedementos e ferramentas de avaliación estipuladas anteriormente, coa seguinte ponderación: a proba escrita trimestral (ou o conxunto delas se houbera máis de unha por trimestre) contará o 80% da nota do trimestre. No restante 20 % teranse en conta os exercicios ou cuestións de carácter parcial que teñan como obxectivo o contacto coa materia e seu dominio progresivo, sexan cuestións orais ou exercicios escritos realizados na aula, así como a asistencia, a puntualidade e a actitude.

Na cualificación final de xuño tarase unha ponderación das tres cualificacións obtidas en cada un dos tres trimestres.

Os alumnos que se incorporen a un curso superando o procedemento de ampliación, dado que normalmente se incorporan no segundo semestre, deberán recuperar a materia correspondente ao primeiro semestre do curso no que se incorporan.

9.2.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Superación da proba específica de ampliación de Historia da música correspondente á materia de 5º curso no caso de solicitar a

ampliación a 6º curso.

Proba de ampliación a 6º curso de Grao Profesional

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de estilísticos comprendidos no 5º curso. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas. Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 5º curso. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 5º curso.

9.2.5 Medidas de recuperación

Será necesario empregar medidas de recuperación cando non se acaden os obxectivos.

Os alumnos que non superen positivamente algún dos procesos de avaliación trimestral, poderán recuperar o correspondente aos trimestres non superados ao final de curso.

9.2.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Proba de recuperación ordinaria

O alumnado que non acade os mínimos esixibles poderá realizar unha proba de recuperación por trimestre, ou ben unha proba global no final de curso. Consistirán en:

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas dos períodos histórico-estilísticos comprendidos no 5º curso. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas. Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 5º curso. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 5º curso.

9.2.5.2 Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen positivamente o curso na convocatoria ordinaria, poderán presentarse á proba extraordinaria, que consistirá en:

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, deestilísticos comprendidos no 5º curso. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 5º curso. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 5º curso.

9.2.6 Recursos didácticos

Bibliografía básica:

- O jazz de Nova Orleáns os anos oitenta. J . E. Berendt (Ed. Fondo Cultural E.
- Historia do Jazz Clásico . F. Tirro. (Ed. Manon troppo)
- Historia do Jazz Moderno. F. Tirro. (Ed. Manon troppo)
- Jazz Latino I. Leymarie.(Ed. Mannon tropo)
- O Jazz, as súas raíces. G. Schuller. (Ed. Fondo Cultural E.)
- The Complete Jazz Casual Series. V. Artists (Ed. Efor Films).

10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que "*[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]*", este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Composición para avaliar a nasa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

Obxectivos: Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro

Contidos: Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado

Actividades: Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe

Criterios metodolóxicos: A adecuación e coherencia dos mesmos

Os medios e recursos: Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.

A avaliación: Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos

Alumnado: A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trátaranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

12. ANEXOS

12.1 Probas de acceso a outros cursos.

Consultar o documento de información das probas de acceso ao centro.